## Normalización social

*Normalizar*: fer *normal*, neste caso, el uso d'úa llingua en todos os ámbitos unde, pol momento, nun é normal usalla. Eso é lo que se foi fendo en dalgús sitos neste brao que salíu. Son detallíos peró tein el importancia d'ir abrindo camín nesta normalización social. Por exemplo, na *Feria Campomar* celebrada en Tapia nel mes d'agosto, el programa d'actividades foi billingüe (castellano/ gallego-asturiano). Os carteles del *Festival Intercéltico d'Occidente*, da *Noite Celta de Porcía* y da *Feira Tradicional de Samartín d'Ozcos* foron tamén na fala. Pode pintar pouco peró abre el camín pra outras iniciativas.




## A música nel noroccidente




Dende el mes de xulio hasta el 1 de febreiro de 1998 ha tar aberta en Xixón, nel Museo da Gaita, úa esposición col título: *"La música en Asturias. Los Concejos del Noroccidente"*. Nella faise un recorrido dende a música máis tradicional hasta a máis popular dos bailes agarraos.

Recórdanse os gueiteiros, bandas, rondallas y hasta as orquestas que s'empezaron a amañar cua chegada da electricidá. Nas vitrinas del museo pódense ver dende fotos veyas, carteles, gramófonos, hasta gaitas, acurdióis, pandeiros y el equipo de sonido ben rudimentario d'úa das primeiras orquestas da zona. Nel catálogo, en castellano, hai tamén dalgús textos en gallego-asturiano.

## Revistas

Con motivo dos dous mercaos tradicionales que se fixeron en Tapia, ún na villa y outro na Roda, os organizadores sacaron cadasúa revista, unde se trataron todo tipo de cuestióis relacionadas col mundo tradicional, os costumes y, sobremanera, con todo lo que se movía alredor d'un mercao. Temos que felicitarnos porque cuase todos os artículos tán




na nosa fala y son ben interesantes. Escriben, entre outros, Jacinto Díaz, Manuel García-*Galano*, Rubén de Camilo, Rafael Cascudo, Adelaida González Vijande y Ignacio Vares.

## Concurso llliterario

Ta convocao el que xa é *VII Premio XEIRA de narracióis curtias*. Os aficionaos y aficionadas a escribir na nosa fala poden participar con cualquer númaro d'obras. El premio é de 50.000 pesetas y XEIRA ha fer el posible por publicar el relato ganador. As obras hai que mandalas por cuadruplicao nun sobre sin remite a XEIRA, Apartao nº 5, 33750-A Caridá. Dentro del sobre ten qu'ir outro máis pequeno, zarrao, cuas señas del autor ou autora. El prazo péchase el 25 de decembre de 1997. Xa se sabe que se nun s'intenta nun se pode ganar.

## La Voz de Ibias

Chéganos el nº 6 del periódico *La Voz de Ibias*, publicao pola Sociedá Ibiense d'Amigos del País y dirixido por Rocío Valle Flórez. Noticias d'interés local, referencias ás actividades culturales, informacióis sobre acordos del Conceyo, deportes, ocio, patrimonio y hasta un sito pral recordo, completan esta última entrega d'un periódico que se vén a amecer al rico panorama das publicacióis periódicas del occidente. Animamos a os promotores de *La Voz de Ibias* pra qu'incluyan tamén escritos nel gallego-asturiano d'Ibias.

